

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE XULLO DE 2023

Ás 10:00 horas do día 20 de xullo de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 17 de xullo de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez (asiste aos puntos 2a, 2c, 4a, 4b, 4c e 6e)
D^a. Carmen Pintado (asiste aos puntos 2b, 5a, 5b, 6a, 6b, 6c, 6d, 7a, 7b, 7c, 9a, 9b, 10a e 10b))

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21174-240)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. AXA SEGUROS GENERALES, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
2. MAPFRE ESPAÑA, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6839-213)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 1 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento a PAZ DISMAC, S.L. (Lotes 1 e 2), por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9706-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento a BARAFUNDA, S.L. (Lotes 1, 4 e 5), por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. BIGLAB, S.L.U. (Lotes 1, 3 e 5): en concreto deberá presentar:

- Un novo DEUC para o lote 1, asinado dixitalmente polo seu representante no que aclare a resposta, na *Parte II: Información sobre el operador económico*, á pregunta "En su caso, ¿figura el operador económico inscrito en una lista oficial de operadores económicos autorizados o tiene un certificado equivalente (p. ej., en el marco de un sistema nacional de (pre)clasificación)?" xa que neste DEUC indica que non e nos DEUC dos lotes 3 e 5 indica que si.
- Un novo DEUC para o lote 3, asinado dixitalmente polo seu representante, no que:
 - Aclare a resposta, na *Parte II: Información sobre el operador económico*, á pregunta "En su caso, ¿figura el operador económico inscrito en una lista oficial de operadores económicos autorizados o tiene un certificado equivalente (p. ej., en el marco de un sistema nacional de (pre)clasificación)?" xa que neste DEUC indica que si e no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 2 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



DEUC do lote 1 indica que non.

- Conteste, dentro da *Parte III: Motivos de exclusión, A: Motivos referidos a condenas penales*, á pregunta: "Blanqueo de capitales o financiación del terrorismo ¿Ha sido el propio operador económico, o cualquier persona que sea miembro de su órgano de administración, de dirección o de supervisión o que tenga poderes de representación, decisión o control en él, objeto, por blanqueo de capitales o financiación del terrorismo, de una condena en sentencia firme quese haya dictado, como máximo, en los cinco años anteriores o en la que se haya establecido directamente un período de exclusión que siga siendo aplicable?"
 - Conteste dentro da *Parte III: Motivos de exclusión, C: Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*, á pregunta: "Las actividades empresariales han sido suspendidas ¿Han sido suspendidas las actividades empresariales del operador económico?"
- Un novo DEUC para o lote 5, asinado dixitalmente polo seu representante, no que:
- Aclare a resposta, na *Parte II: Información sobre el operador económico*, á pregunta "En su caso, ¿figura el operador económico inscrito en una lista oficial de operadores económicos autorizados o tiene un certificado equivalente (p. ej., en el marco de un sistema nacional de (pre)clasificación)?" xa que neste DEUC indica que si e no DEUC do lote 1 indica que non.
 - Conteste dentro da *Parte III: Motivos de exclusión, C: Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*, á pregunta: "Las actividades empresariales han sido suspendidas ¿Han sido suspendidas las actividades empresariales del operador económico?"
2. FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (Lote 3): en concreto deberá presentar un novo DEUC, asinado dixitalmente polo seu representante, no que:
- Conteste dentro da *Parte III: Motivos de exclusión, C: Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*, á pregunta: "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho social Según su leal saber y entender, ¿ha incumplido el operador económico sus obligaciones en el ámbito del Derecho social? "
 - Conteste dentro da *Parte III: Motivos de exclusión, C: Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*, ás seguintes preguntas:
 - "Las actividades empresariales han sido suspendidas ¿Han sido suspendidas las actividades empresariales del operador económico?"
 - "Activos que están siendo administrados por un liquidador ¿Están los activos del operador económico siendo administrados por un liquidador o por un tribunal?"
2. VIGO POR LA DANZA (Lote 2): en concreto deberá presentar un novo Anexo II,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 3 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

asinado dixitalmente polo seu representante, xa que o presentado carece de sinatura.

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9706-335)

Retírase da orde do día por ter que requirir emenda da documentación administrativa a tres dos licitadores presentados.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical "Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1679-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria informe as membros da mesa que en data 17 de xullo de 2023 recibíuse dilixencia do servizo xestor no que indican que "A tramitación deste expediente foi iniciada de acordo coas obrigas derivadas do (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU), tendo en conta que con data 27 de abril de 2023, o BOE publicou o anuncio da Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade sobre a resolución provisional pola que se concede a segunda convocatoria do programa de axudas aos concellos para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación do transporte urbano dixital e sostible, dentro do marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e nesta resolución provisional se atopa a proposta de axuda para este proxecto.

Na data de hoxe non se ten publicada a resolución definitiva, polo cal dito proxecto non se atopa aberto na plataforma CoFFEE, e polo tanto non pode iniciarse o procedemento MINERVA. O cal se informe a MESA DE CONTRATACION, os efectos oportunos."

Procédese, a continuación, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1680-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 4 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria informe as membros da mesa que en data 17 de xullo de 2023 recibíuse dilixencia do servizo xestor no que indican que "A tramitación deste expediente foi iniciada de acordo coas obrigas derivadas do (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU), tendo en conta que con data 27 de abril de 2023, o BOE publicou o anuncio da Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade sobre a resolución provisional pola que se concede a segunda convocatoria do programa de axudas aos concellos para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación do transporte urbano dixital e sostible, dentro do marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e nesta resolución provisional se atopa a proposta de axuda para este proxecto.

Na data de hoxe non se ten publicada a resolución definitiva, polo cal dito proxecto non se atopa aberto na plataforma CoFFEE, e polo tanto non pode iniciarse o procedemento MINERVA. O cal se informe a MESA DE CONTRATACION, os efectos oportunos."

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo (19054-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía o 12 de xullo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" no que se indica que "En función da puntuación obtida sinalase que a proposta presentada polo licitador "AMBISER INNOVACIONES, S.L." obtivo unha puntuación total de 15 puntos polo que non supera o limiar mínimo establecido."

Tendo en conta o anterior, a Mesa acepta, por unanimidade, o informe e acorda excluír, tamén por unanimidade, a AMBISER INNOVACIONES, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("Atendendo a criterios de calidade, aquelas ofertas que non obteñan unha puntuación superior a 20 puntos neste criterio resultarán excluídos da licitación.").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 5 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 12 de xullo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1632-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polas enxeñeiras industriais e o técnico medio en topografía o 17 de xullo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21174-240)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do importe da franquía previsto na cláusula 10 do PPT	Ampliación dos límites e sublímites fixados na cláusula 8 do PPT		Redución do importe da prima anual
			Límite de indemnización por sinistro e ano para cada una das garantías do PPT	Sublímite de indemnización por vítima para as garantías de responsabilidade civil patronal e cruzada	
1	AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	3.000,00 €	5.000.000,00 €	600.000 €	507.599,83 €
2	MAPFRE ESPAÑA S.A.	100 €	7.000.000 €	300.000 €	660.000 €

Asiste o seguinte público á apertura:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 6 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



1. D. Iago Merino Vidal, en representación de WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6839-213)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

- LOTE 1:

	Licitador	Redución do prezo do lote
1	PAZ DISMAC, S.L.	42.455,28 €

- LOTE 2:

	Licitador	Redución do prezo do lote
1	PAZ DISMAC, S.L.	40.543,96 €

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e o artigo 85 RLCSP, constátase que as ofertas para os lotes 1 e 2 non conteñen valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a PAZ DISMAC, S.L., como único licitador presentado e admitido, a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 7 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6839-213) (Lotes 1 e 2) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1

	Licitador
1	PAZ DISMAC, S.L.

- LOTE 2

	Licitador
1	PAZ DISMAC, S.L.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PAZ DISMAC, S.L. (lotes 1 e 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

c) Procedemento aberto mixto para a contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo (19054-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do importe da parte fixa do prezo do contrato (IVE incluído)	Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios da parte variable previstos no apartado 3G da FEC
1	SPICA, S.L.	99.330,20 €	20 %

Asiste o seguinte público á apertura:

1. D. Emilio José Rodríguez Romero, en representación de AMBISER INNOVACIONES, S.L.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, conséntase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 8 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



	Licitador	Redución do importe da parte fixa do prezo do contrato	Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios da parte variable previstos no apartado 3G da FEC
1	SPICA, S.L.	40,00	20,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (40,00 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	SPICA, S.L.	40,00	60,00	100,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de xullo de 2023, de AMBISER INNOVACIONES, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Atendendo a criterios de calidade, aquelas ofertas que non obteñan unha puntuación superior a 20 puntos neste criterio resultarán excluídos da licitación.”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo (19054-101) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SPICA, S.L.	100,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SPICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 9 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC (prezo usuario da ruta)	Valoración da calidade
1	OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA	4,4 %	SI

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste o seguinte público á apertura:

1. D. Andrés Blanco Rotea, en representación de OCEAN SECRETS S. COOP. GALEGA

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18 do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Redución dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC (prezo usuario da ruta)	Valoración da calidade
1	OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA	45,00	10,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (33,00 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA	33,00	55,00	88,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratúitas pola ría de Vigo (250002-301) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 10 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



	Licitador	Puntuación total
1	OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA	88,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1632-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lembra ás membros da Mesa que, tendo en conta a cofinanciación deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT-GENERATION-EU, foi necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado á "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE.

Asemade, informa que, recibida dilixencia de data 17 de xullo de 2023, asinada polo xefe da Área de Inversións e o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, coa comunicación dos datos dos/as técnicos/as que levarán a cabo a valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula, procedese a dar traslado dos mesmos, mediante a oportuna comunicación no expediente, á "Responsable de operación", para proceder, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, á correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE.

Finalmente, tendo en conta que nesta sesión da Mesa de Contratación asistiu a vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica, procede dar traslado á "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE, trala incorporación ao expediente do correspondente DACI.

Visto o anterior, procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábeis mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA S.L.	2.107.150,43 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 11 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo sen IVE
2	UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U - AVAN INTEGRAL SL	1.925.476,67 €
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	2.094.331,60 €
4	ORECO BALGON, S.A.	2.075.766,40 €

Asiste como público á apertura:

1. D^a. Alejandra Anca Seoane, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
2. D. Felipe Carrascosa Hernández, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.U.
3. D^a. Begoña Rivas Baltar, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor, no momento en que se reciban os informes favorables da ferramenta MINERVA.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301) (Lote I e lote II)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entréganse os informes para os lotes 1 e 2 asinados polo xefe da Área de Benestar Social do 13 de xullo de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- LOTE 1:
 - ICA FORMACIÓN
- LOTE 2:
 - NT FOR LEARNING, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 12 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do 17 de xullo de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP co licitador que se relaciona a continuación por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta:

- INNOVALABS DIGITAL S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52694-444)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Inversións do 13 de xullo de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP co licitador que se relaciona a continuación por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta:

- TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301) (Lote III)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 13 de xullo de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación de Administración Electrónica e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 14 de xullo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 13 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é corrixido por informe presentado e asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica en data 20 de xullo de 2023. Aceptado este segundo informe por unanimidade pola Mesa de contratación procédese a súa publicación no perfil do contratante.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301) (Lote III)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301) (Lote III) na seguinte orde descendente:

ORDE	LICITADOR	TOTAL PUNTUACIÓNS LICITADORES
1º	NORFORMACIÓN, S.L.	92,50 PUNTOS
2º	NT FOR LEARNING, S.L	92,14 PUNTOS
3º	FOROX INNOVACIÓN S.L.	86,44 PUNTOS
4º	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L	75,41 PUNTOS
5º	ADECCO FORMACIÓN S.A.U.	73,17 PUNTOS
6º	FLEXIPLAN, S.A., EMPRESA DE TRABAJO TEMPORAL	72,42 PUNTOS
7º	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	65,96 PUNTOS
8º	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L	48,19 PUNTOS

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 14 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- administrativas particulares (PCAP).
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

b) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de xullo de 2023, de SMARTWORLD TELECOM, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("Para garantir a calidade dos proxectos que poidan optar á licitación e non por en perigo o desenvolvemento do contrato so se admitiran aquelas propostas que acaden como mínimo do 50 % da puntuación reservada aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113) na seguinte orde descendente:

		Valoración B	Valoración C	Total
1	CONSULTORÍA TÉCNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.	46	51	97
2	GEOMATICO S COOP GALEGA	38,5	42,51	81,01

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **CONSULTORÍA TÉCNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 15 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:51	Páxina 16 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA94E-C7DD5F-DF57B2-SLY2RF-QABSHG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		